



CIRCULAR 27-2019.

VIII CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE INVERNO DE LANZAMENTOS LONGOS.

- *A todas as Delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1).- A F.G.A organiza o VIII Campionato de Galicia Absoluto de Inverno de Lanzamentos Longos que terá lugar no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra o vindeiro sábado día 23 de febreiro de 2019.

Art.2).- Poderán participar todos/as aqueles/as atletas da categoría que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo a tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenzan a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os/as atletas estranxeiros/as da categoría Sub20 en diante que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia*

Art.3).- Poderán participar en cada especialidade os/as atletas que se inscriban coas 12 mellores marcas, conseguidas durante a tempada 2017/18 ou 2018/19.

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA ([hhttps://isis.rfea.es/sirfea2/](https://isis.rfea.es/sirfea2/)) **ata as 20:00 horas do martes 19 de febreiro do 2019.**

Art.5).- Os atletas deberán retirar os seu dorsal ata 50 minutos antes do inicio da proba. A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso á mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso á pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non iniciara a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.6).- Entregaranse medallas aos tres primeiros/as atletas, tanto en homes como en mulleres, de cada categoría. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios no podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.7).- Os/As atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.8).- HOMOLOGACIÓN DE ARTEFACTOS

Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 1 hora antes do comezo da mesma, exceptuando a xavelina que deberá ser ata 1 hora e 30 minutos antes.

Art.9).- HORARIO (provisional). O horario definitivo publicarase en función dos inscritos o mércores anterior á proba.

HORARIO PROVISIONAL		
XORNADA DE MAÑÁ		
10:15 h	Martelo	Masculino
11:45 h	Xavelina	Feminina
13:15 h	Disco	Masculino
XORNADA DE TARDE		
15:00 h	Disco	Feminino
16:30 h	Xavelina	Masculina
18:00 h	Martelo	Feminino

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato, a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado (3 euros).

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, as normas da FGA (ver normas técnicas FGA 2018-2019), RFEA e IAAF.

A Coruña, a 5 de febreiro de 2019



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo